



Guía Docente

Datos Identificativos					2017/18
Asignatura (*)	Manifestacións artísticas e literarias dos países de fala inglesa		Código	613505018	
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3	
Idioma	Inglés				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Letras				
Coordinación	Alonso Giraldez, Jose Miguel	Correo electrónico	miguel.giraldez@udc.es		
Profesorado	Alonso Giraldez, Jose Miguel	Correo electrónico	miguel.giraldez@udc.es		
Web	www.imaes.eu/?page_id=31				
Descrición xeral	<p>Estudo das interaccións entre a literatura en lingua inglesa e outras manifestacións artísticas no contexto anglófono, como a pintura, teatro, televisión, cine, etc. Análise das diferencias e similitudes temáticas e estéticas; estudo das particularidades, posibilidades e límites das linguaxes empregadas; exemplos de incorporación de aspectos dunha disciplina artística noutra diferente, contextualizados no caso dos países de fala inglesa.</p> <p>A materia fai especial fincapé na aplicabilidade dos contidos en ámbitos profesionais como a crítica cultural, ou a xestión de contidos culturais, para o que se proporcionará ao alumnado un vocabulario crítico axeitado e se lle ensinará a comentar e a escribir reseñas sobre manifestacións artísticas.</p>				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Ser capaz de relacionar a literatura con outros textos artísticos e co contexto social, económico, cultural e político no que foron escritas (as obras literarias)/ producidas (cine, tv, pintura).	AI9	BI6	
	AI10	BI7	
	AI11		
	AI13		
Ser capaz de ler críticamente os textos narrativos, dramáticos e artísticos e de organizar e presentar as leituras dos textos tanto de xeito oral como escrito.	AI9	BI6	
	AI10	BI7	
	AI11	BI9	
	AI13	BI10	
		BI11	

Contidos

Temas	Subtemas
Os contidos da materia son susceptibles de modificación de acordo coas necesidades e intereses do alumnado.	Habilitaranse mecanismos e oportunidades para o alumnado expresar as súas preferencias.
Performance. Introducción.	<ul style="list-style-type: none"> - Interpretación visual dos textos. - Performance. - Montaxes teatrais. - Música e literatura. - O medio natural e a literatura.



Cine e literatura.	<ul style="list-style-type: none"> - Adaptación cinematográfica de clásicos literarios. - Apropiacións cinematográficas de Shakespeare. - A linguaxe cinematográfica e a súa relación co texto literario orixinal.
Televisión e literatura.	<ul style="list-style-type: none"> - Clásicos da narración televisiva. - Clásicos da literatura adaptados a series de televisión. - A narrativa contemporánea das series de televisión. - 'Crime fiction' e a plasmación en series televisivas.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Obradoiro	A9 A13 B9	14	35	49
Prácticas a través de TIC	A10 A11 B6 B7 B11	0	7	7
Traballos tutelados	A9 A10 A11 A13 B6 B7 B9 B10 B11	0	18	18
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Obradoiro	As horas de clase adicaranse á presentación inicial de contidos e, principalmente, á análise en grupo e ao debate sobre as lecturas e visionados previamente asignados.
Prácticas a través de TIC	Cada estudante deberá responsabilizarse de traballar todo o material asignado e dispoñible na plataforma virtual Moodle e estar preparado, ou preparada, para o debate e a discusión en clase.
Traballos tutelados	Cada estudante, ou grupo de estudantes, deberá completar un traballo que poderá consistir nun exercicio de análise crítica ou de creación orixinal de material arredor dalgunha manifestación artística visual e escrita anglófona. O formato decidirase definitivamente unha vez coñecido o alumnado da materia e tras escoitar as súas preferencias.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	O profesor está ao dispor de cada estudante para supervisar o seu traballo durante todo o curso. O profesor atende aos alumnos dun xeito presencial e telemático.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Obradoiro	A9 A13 B9	Valorarase a participación activa e os resultados en todas as discusións, debates e actividades en clase e fóra de clase (recensións, análises literarias, lecturas, preparación de presentación oral, etc). A preparación previa do material é esencial.	20
Prácticas a través de TIC	A10 A11 B6 B7 B11	Control das lecturas e dos visionados realizados.	20
Traballos tutelados	A9 A10 A11 A13 B6 B7 B9 B10 B11	Cando se defina o tipo de traballo especificaranse tamén os aspectos a avaliar. Por exemplo, para un traballo académico de análise, terase en conta a profundidade da análise, a orixinalidade das ideas, a organización e presentación, así como a corrección do inglés empregado.	60

Observacións avaliación



Aquel(a) estudante que non leve a cabo o traballo tutelado ou non teña realizado traballo igual ou superior ao 50% do resto das categorías de avaliación acadará a cualificación de NP ("Non Presentado"). A oportunidade de avaliación en xullo constará de dous apartados: 1) o traballo tutelado (co mesmo deseño e aplicándose idénticos criterios que na primeira oportunidade) e que computará o 50% da nota; 2) as actividades substitutivas do traballo de clase que computarán o 50% restante da nota. Dependendo da parte que teña que "recuperar" cada estudante, daranse indicacións sobre temas e tipos de actividades. Un/ha estudante que deba entregar en xullo traballo equivalente a todo este apartado (é dicir, 50% da súa nota) deberá completar un traballo de recensión e unha análise literaria. Deberanse entregar ambas compoñentes, á máis tardar, antes das 14 horas da data oficial do exame final da materia. Dado o carácter semi-presencial do título, a asistencia é obrigatoria, salvo dispensa solicitada en tempo e forma e concedida pola Comisión Académica Universitaria do título, e sempre respetando as normativas de asistencia a clase das tres universidades participantes no título, así como os sistemas de avaliación que figuran expresamente nas guías docentes das diferentes materias, e sen prexuízo das consecuencias que poida ter para a súa avaliación final a ausencia a determinadas sesións presenciais.

Quen teña concedida a dispensa académica, e como establece a Normativa de permanencia da universidade, será avaliad@ seguindo os criterios aplicables á convocatoria de xullo. Os alumnos que se presentan á convocatoria adiantada de decembro avaliaranse segundo as normas especificadas para a oportunidade de xullo. O plaxio en calquera actividade significará a cualificación de "cero" nesta actividade. Todos os traballos e actividades deberán ser entregados en tempo e forma para así evitar unha penalización do 25% sobre a nota obtida nos mesmos. Recoméndase a utilización de papel reciclado.

Fontes de información

Bibliografía básica	Branigan, Edward. Narrative Comprehension and Film. London & New York: Routledge, 1992. Cartmell, Deborah and Imelda Whelehan (eds.) Adaptations: from text to screen, screen to text. London: Routledge, 1999. Cartmell, Deborah & Imelda Whelehan (Eds) The Cambridge Companion to Literature on Screen Cambridge: Cambridge University Press, 2007 Cascajosa Virino, Concepción. El espejo deformado: versiones, secuelas y adaptaciones en Hollywood. Sevilla: U. de Sevilla, 2006. Cahir, Linda Costanzo. Literature into Film: Theory and Practical Approaches. Jefferson, N.C.: McFarland & Co. 2006. Giddings, Robert, Keith Selby and Chris Wensley Screening the Novel: The Theory and Practice of Literary Dramatization. London: MacMillan, 1990 Giddings, Robert & Erica Sheen (Eds) The Classic Novel: From Page to Screen Manchester: Manchester University Press, 2000 McFarlane, Brian. Novel to Film: An Introduction to the Theory of Adaptation. Oxford: Clarendon Press, 1996 Morrissette, Bruce. Novel and film. Essays in two genres. Chicago & London: The University of Chicago Press, 1985 Pérez Bowie, José Antonio (ed.) La Adaptación cinematográfica de textos literarios : teoría y práctica Salamanca: Plaza Universitaria Ediciones, 2003 Peña-Ardid, Carmen (1992) Literatura y cine: una aproximación comparativa. Madrid: Cátedra Sanders, Julie Adaptation and Appropriation New York: Routledge, 2005 Sánchez Noriega, José Luis. De la literatura al cine : teoría y análisis de la adaptación. Barcelona : Paidós, D.L. 2000 Stam, Robert 2005. Literature through film: realism, magic and the art of adaptation. Malden, MA: Blackwell. ?& Alessandra RAENGO (eds., 2005) Literature and film: a guide to the theory and practice of film adaptation Malden, MA: Blackwell Pub ??A companion to literature and film Malden, MA: Blackwell Pub.
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario



Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías